

ANUNCIO: CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES.

En data 15/11/2024 o Alcalde ditou Resolución aprobando a convocatoria de subvencions municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade cultural ou deportiva de interese municipal no ano 2024, que literalmente se transcriben:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE CULTURAL OU DEPORTIVA DE INTERESE MUNICIPAL NO ANO 2024.

1.- DISPOSICIONES XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencions municipais do Concello de Cabana de Bergantiños, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencions son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencions.

A concesión das subvencions previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e as axudas dirixiranse a gastos realizados no exercicio 2024.

2.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions.

-R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

3.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONES

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para colaborar na financiación de actividades que os seus destinatarios realizasen durante o ano 2024 nas actividades seguintes:

- Promoción de actividades culturais.

- Promoción de actividades culturais de carácter formativo dirixidas aos alumnos de centros educativos (actividades extraescolares organizadas polas ANPAS e centros educativos públicos)

- Promoción de actividades deportivas.

- Promoción de actividades culturais e deportivas de carácter veciñal, relacionadas con festas patronais e outras actividades lúdico-festivas.

O gasto derivado das subvencions outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase ás aplicacións 334.48000 e 341/480.00 do Orzamento Xeral do Concello de Cabana de Bergantiños para o ano 2024, comprometéndonos a consignar un total de 5.000,00 € na aplicación orzamentaria 334.48000 e 9.000,00 € na aplicación orzamentaria 341.48000.

Serán actividades subvencionables ao abeiro das presentes Bases aquelas que levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 13 de decembro de 2024.

Non se subvencionarán investimentos reais, sendo o obxecto das subvencions reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización, adquisición de material funxible e desenvolvemento de actividades concretas e prestación de servizos, directamente relacionados cas actividades deservoltas. Así, tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...). Por outra banda, non poden ser obxecto de subvención aquelas actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de aportación municipal. Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades

satisfeitas ao Concello de Cabana de Bergantiños polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4.-BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xurídicamente constituídas, así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que cumprindo o sinalado no artigo 13 da Lei 38/2003, reúnan ademais as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Cabana de Bergantiños, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- d) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
- e) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cabana de Bergantiños, ter solicitada a inscrición na data de petición da subvención ou ben compromiso de inscribir a asociación. Exceptúasen deste requisito os colexios municipais e as agrupacións sen personalidade xurídica.
- f) Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención.
- g) Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Cabana de Bergantiños, e con calquera outra administración e ca Seguridade Social.

5.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

5.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse **no prazo de dez días naturais**, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición das Bases no BOP.

5.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Cabana de Bergantiños. No caso de persoas xurídicas, de conformidade co previsto no artigo 14.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación da documentación deberá realizarse a través de medios electrónicos.

5.3.- Documentación que se deberá acompañar:

1. Modelos normalizados que se facilitarán polo Concello, asinada polo presidente da Entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI. O importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 100% do custo total da actividade:

- anexo 1: solicitude e declaracións
- anexo 2: declaración doutras axudas
- anexo 3: acordo de nomeamento de representante (entidades con personalidade xurídica)
- anexo 5: memoria de actividades.
- anexo 6: orzamento detallado.

2. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica (como as Comisións de Festexos), substituirase o anexo 3 polo anexo 4 (declaración dos membros que compoñen a comisión de festas e nomeamento de persoa física representante para solicitude de subvención e cobramento da mesma). Ademais, deberán constar copias do DNI de cada un deles.

3. Copia do CIF da Entidade (excepto para o caso das entidades do apartado 2).

4. As asociacións que non estén inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións deberán presentar a acta fundacional e estatutos.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

6.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO E CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

Organo instructor.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase polo técnico de cultura do Concello, a efectuar unha comparación aos efectos de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases.

Comisión de valoración.- Procederá á vista do informe do técnico de cultura, á elaboración do informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, segundo os criterios previstos nas presentes bases.

En base ao informe da comisión de valoración e a vista do expediente, o órgano instructor formulará proposta de resolución provisional/ definitiva debidamente motivada.

A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que den lugar á proposta, así como que os propostos como beneficiarios cumpren os requisitos establecidos nas bases para acceder a ditas axudas.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Alcalde-Presidente do Concello, ou membro da Corporación en quen delegue

Concelleira de Educación e Xuventude

Concelleiro de Obras e Servizos

Actuará como Secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. A Comisión de valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

Posteriormente, o expediente e a proposta de resolución, pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma.

Organo concedente.- A vista destes informes e da proposta de resolución, a Alcaldía mediante resolución, acordará o reparto definitivo das subvencións.

Os criterios de valoración para motivar a concesión serán os seguintes:

- 1.- Interese xeral das actividades a desenvolver, máximo 15 puntos.
- 2.- Número de beneficiados directa ou indirectamente afectados polas actividades, máximo 15 puntos.
- 3.- Carácter periódico ou permanente das actividades a desenvolver, máximo 10 puntos.
- 4.- O grao de coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos por este Concello, máximo 10 puntos.

O importe individual de cada subvención non poderá superar os 1.000,00.€ para actividades culturais e 4.000,00 € para actividades deportivas por cada beneficiario.

A cantidade económica por puntuación é a seguinte:

DEPORTIVAS

De 45 a 50 puntos 4.000€

De 40 a 44 puntos..... 3.500€

De 35 a 39 puntos 3.000€

De 30 a 34 puntos 2.500€

De menos de 30 puntos 1.000€

* Si se supera a partida orzamentaria, distribuirase de forma equitativa en relación cos puntos obtidos.

CULTURAIS E COMISIÓNS DE FESTAS

De 45 a 50 puntos 1.000€

De 40 a 44 puntos.... 800€

De 35 a 39 puntos 500€

De 30 a 34 puntos400€

De 20 a 29 puntos300€

De menos de 20 puntos200€

* Si se supera a partida orzamentaria, distribuirase de forma equitativa en relación cos puntos obtidos.

Publicidade.- A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes e publicación na páxina web municipal.

7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, e ter realizado a actividade ou adoptado o comportamento que fundamenta a concesión da axuda dacordo coa memoria presentada.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requerida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan con subvención do Concello de Cabana de Bergantiños, coa expresión "colaborou o Concello de Cabana de Bergantiños", e/ou dar publicidade mediante cartéis anunciadores da subvención outorgada nas sedes das entidades.
4. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado antes do 14 de Decembro de 2024.
6. Facilitar canta información sexa requerida polo Concello.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación antes da finalización do prazo de xustificación no modelo normalizado que se facilitará no Concello (anexo 7), ao que se unirá a seguinte documentación:

- Memoria das actividades desenvoltas e relación de ingresos e gastos totais obtidos.

- Facturas xustificativas, debendo acreditar o pago das mesmas mediante extractos ou certificacións bancarias, permitindo os pagos en metálico co recibí do provedor en facturas inferiores a 1.000,00 €. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar extendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente- representante da agrupación sen personalidade xurídica.
- Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".

Únicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

-Certificado do nº de conta bancaria titularidade do beneficiario/presidente-representante da agrupación ser personalidade xurídica.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días hábiles para a súa corrección, que de non presentarse iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso. Corresponderá ó Alcalde, previo informe de revisión da documentación efectuada polo Técnico de Cultura e de fiscalización da Intervención a aprobación da xustificación presentada polo beneficiarios e a ordenación do pago. O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas posto de manifesto coa xustificación, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

10.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como no RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvención e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cabana de Bergantiños, a 15 de novembro de 2024

O Alcalde

Asdo. José Muiño Domínguez